

Informe

Vivendas de uso turístico en Galicia

FEBREIRO DE 2026



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

Índice

1. Introducción	2
2. VUT segundo o número de prazas	2
3. Análise xeográfica	5
3.1. Provincias	5
3.2. Zonas turísticas	5
3.3. Concellos	5
3.4. Superficie e poboación	8
3.5. Análise xeográfico: Grao de urbanización	8
4. Estudo da competencia	8
5. Propiedade das VUT	11




Figura 1: Evolución do número de aloxamentos ofertados

1. Introducción

Defínese como vivenda de uso turístico (VUT) aquela que é cedida a terceiras persoas de xeito reiterado e a cambio dunha contraprestación económica. Estas cesións fanse para estadias inferiores a trinta días consecutivos en vivendas que se atopan equipadas e con todas as características establecidas por vía regulamentaria. As vivendas de uso turístico teñen ademais a peculiaridade de que poden ser ofertadas por particulares na súa propia vivenda.

Segundo o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT), en febreiro de 2026 existen en Galicia 32.231 aloxamentos turísticos, dos cales 27.803 son vivendas de uso turístico (figura 2). A evolución do número de vivendas de uso turístico nos últimos meses compróbase na figura 1 que reflicte a evolución do seu número fronte ao resto de tipos de aloxamento que se recollen dentro do REAT (Hoteis, Aloxamentos de turismo rural, Apartamentos turísticos, ...).

Na actualidade as vivendas de uso turístico representan o 86,3 % do total da oferta de aloxamentos, e recollen o 48,9 % das prazas, estando presentes nos diferentes concellos de Galicia (figura 3).

2. VUT segundo o número de prazas

As vivendas de uso turístico son o tipo de aloxamento turístico que ofrece de media un número de prazas por aloxamento menor que outras tipoloxías (5,4 prazas por aloxamento) (figura 5). A pesar diso, as vivendas de uso turístico contan co maior número de prazas ofertadas sobre o total de aloxamentos (48,9 %), seguido polos hoteis (19,2%) e os campamentos turísticos (11,8%) tal e como se recolle na figura 6.




Figura 2: Concentración das vivendas de uso turístico




Figura 3: Porcentaxe de concellos por provincia nos que se oferta algunha vivenda de uso turístico

Provincia	Vivendas	Prazas
PONTEVEDRA	47,2 %	47,4 %
A CORUÑA	33,8 %	34 %
LUGO	14,9 %	14,7 %
OURENSE	4,1 %	3,9 %
GALICIA	100 %	100 %

Figura 4: Porcentaxe de aloxamentos e prazas por provincia




Figura 5: Número medio de prazas por aloxamento




Figura 6: Porcentaxe do total das prazas segundo o tipo de aloxamento

3. Análise xeográfica

3.1. Provincias

Tendo en conta as provincias, a que concentra un maior número de vivendas de uso turístico é a provincia de Pontevedra cun 47,2 % das vivendas e o 47,4 % das prazas totais. A figura 4 reflicte o reparto do número de aloxamentos e prazas correspondente ás vivendas de uso turístico para cada unha das provincias galegas.

3.2. Zonas turísticas

En termos de zonas turísticas, atópase unha maior concentración na zona Ría de Arousa e O Salnés na que se localizan o 24,4 % das vivendas de uso turístico de Galicia. As cinco zonas co maior número de vivendas deste tipo, representan o 70 % do total de toda Galicia, o cal indica a concentración xeográfica das vivendas de uso turístico. Pola súa parte, o número medio de prazas por vivenda segundo zona, varía pouco tendo en conta a zona turística analizada (figura 7).

3.3. Concellos

Analizando o reparto por concellos (figura 8), destaca o concello de Sanxenxo que aúna o 11,3 % do total de prazas, seguido de Vigo cun 6,5 % do total de prazas en vivendas de uso turístico de Galicia.

Xeodestinos	1 ou 2 prazas	3 ou 4 prazas	5 ou 6 prazas	Máis de 6 prazas	Media de prazas
A CORUÑA E AS MARIÑAS	7,8 %	37,4 %	35,4 %	19,3 %	5,3
ANCARES - COUREL	7,9 %	23,7 %	35,5 %	32,9 %	6,2
CELANOVA - LIMIA	7,9 %	28,9 %	28,1 %	35,1 %	6,2
COSTA DA MORTE	5,8 %	37,8 %	35,7 %	20,7 %	5,4
DEZA - TABELRÓS	3,6 %	24,8 %	28,5 %	43 %	6,9
FERROLTERRA	6 %	35,9 %	36,8 %	21,2 %	5,5
LUGO E A TERRA CHÁ	5,8 %	29,6 %	37,5 %	27,1 %	5,7
MANZANEDA - TREVINCA	11,3 %	31 %	35,2 %	22,5 %	5,5
MARIÑA LUCENSE	5,5 %	41,5 %	35,6 %	17,5 %	5,2
O RIBEIRO	11,2 %	30,6 %	27 %	31,1 %	5,7
RIBEIRA SACRA	10,1 %	29,3 %	34,7 %	25,8 %	5,7
RÍA DE AROUSA E O SALNÉS	5,6 %	38,2 %	36,6 %	19,5 %	5,4
RÍA DE MUROS E NOIA	5,8 %	32,8 %	35,4 %	26 %	5,7
RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO	12,4 %	36,5 %	29,6 %	21,5 %	5,3
RÍA E TERRAS DE PONTEVEDRA	6,2 %	31,8 %	39,3 %	22,7 %	5,6
TERRAS DE OURENSE E ALLARIZ	15 %	39,7 %	29,9 %	15,4 %	4,8
TERRAS DE SANTIAGO	7 %	30,5 %	34,5 %	28 %	5,8
VERÍN - VIANA	11,8 %	35,3 %	17,6 %	35,3 %	5,3
MEDIA GALICIA	7,4 %	36,2 %	35 %	21,4 %	5,4

Figura 7: Porcentaxe de aloxamentos segundo zona turística e número de prazas

Concello	Prazas en VUT	Porcentaxe do total
SANXENXO	17.101	11,3%
VIGO	9.745	6,5%
A CORUÑA	6.530	4,3%
O GROVE	4.589	3%
FOZ	3.741	2,5%
CANGAS	3.584	2,4%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	3.343	2,2%
VILAGARCÍA DE AROUSA	3.134	2,1%
POIO	2.962	2%
BARREIROS	2.799	1,9%
BAIONA	2.684	1,8%
NIGRÁN	2.641	1,8%
VIVEIRO	2.590	1,7%
RIBEIRA	2.517	1,7%
PONTEVEDRA	2.463	1,6%

Figura 8: Concellos segundo o número de prazas en vivendas de uso turístico

Concello	Prazas/km ²
SANXENXO	379,3
O GROVE	209,6
A CORUÑA	172,6
A ILLA DE AROUSA	149,6
BURELA	143,2
CORCUBIÓN	96,9
CANGAS	94,1
VIGO	89,4
MONDARIZ-BALNEARIO	89,2
POIO	87,3

Figura 9: Concellos cunha maior concentración de prazas por quilómetro cadrado

3.4. Superficie e poboación

A concentración das vivendas de uso turístico estúdase agora segundo dúas variables: A superficie e o número de habitantes do concello. Tendo en conta o número de prazas por quilómetro cadrado do concello, Sanxenxo é o que máis destaca, con 379,3 prazas por quilómetro cadrado, seguido de O Grove e A Coruña con 209,6 e 172,6 prazas por quilómetro cadrado respectivamente. Dita información resúmese na figura 9 e na 10.

As figuras 11 e 12 representan o número de prazas en vivendas de uso turístico por cada mil habitantes, dentro dos cales o concello que máis destaca é Sanxenxo, con 949,2 prazas por cada mil habitantes, seguido de Barreiros e Carnota con 921,9 e 546,3 prazas por cada mil habitantes respectivamente.

3.5. Análise xeográfico: Grao de urbanización

Para levar a cabo o estudo tendo en conta o grao de urbanización dos concellos, divídense estes en tres grupos diferenciados, tal e como propón o IGE (GU 2016)¹: Zonas Desamente Poboadas (ZDP), Zonas Intermedias (ZIP) e zonas Pouco Poboadas (ZPP). Tal e como se recolle na figura 13, o 53,1 % das prazas atópanse en zonas intermedias (zip).

4. Estudo da competencia

As "Vivendas Turísticas" e os "Apartamentos Turísticos" son as tipoloxías de aloxamento cunhas características similares ás "Vivendas de Uso Turístico", motivo polo cal se poden considerar como competidores próximos das mesmas. A figura 14 representa a comparativa entre os diferentes tipos de aloxamento dentro

¹<https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/clasificaciones/urbanizacion/MetodologiaGU2016Concellos.pdf>




Figura 10: Concentración de prazas por quilómetro cadrado

Concello	Prazas cada 1.000 habitantes
SANXENXO	949,2
BARREIROS	921,9
CARNOTA	546,3
FISTERRA	481,4
O VICEDO	471,3
O GROVE	423,6
CORCUBIÓN	381
FOZ	362,2
MAÑÓN	358
LAXE	316,7

Figura 11: Concellos cunha maior concentración de prazas por cada mil habitantes




Figura 12: Concentración de prazas por cada 1.000 habitantes




Figura 13: Distribución do número de prazas en función do grao de urbanización dos concellos (%)

desta competencia. As vivendas de uso turístico son o 97,3 % dos aloxamentos destas tres tipoloxías e o 92,8 % en termos de prazas.

En canto á súa distribución polos concellos de Galicia, recóllense os seguintes cadros comparativos tendo en conta as diferentes tipoloxías dentro da figura 15. Por un lado está a distribución por concellos das vivendas de uso turístico, a distribución por concellos dos competidores próximos, é dicir, vivendas turísticas e apartamentos turísticos e finalmente outros competidores que son o conxunto de resto de tipoloxías: Hoteis, campamentos turísticos, pensión,...

5. Propiedade das VUT

As vivendas de uso turístico repártense entre dous tipos de propietarios: As persoas individuais, propietarias de 24.477 vivendas, e as empresas, que contan cun total de 3.326. Tendo en conta agora aos propietarios segundo o número de vivendas das que son posuidores (figura 16), o 63,8 % das vivendas pertencen a un só propietario.

A figura 17 amosa a provincia de procedencia das empresas propietarias das vivendas de uso turístico presentes en Galicia. A maioría das empresas son galegas, pero hai tamén un número considerable de empresas que se atopan fóra da comunidade.

Por último, tanto a figura 18 como o grupo de figuras 19, amosan os puntos nos que se concentran as vivendas de uso turístico, tanto para o conxunto da Comunidade Autónoma como para, máis concretamente, as zonas costeiras de Galicia: A Rías Baixas, Costa da Morte, Rías Altas e Mariña Lucense.




Figura 14: Comparativa de Vivendas de Uso Turístico, Apartamentos Turísticos e Vivendas Turísticas

ALOXAMENTOS		PRAZAS	
SANXENXO (8,7%)		SANXENXO (22,8%)	
SANTIAGO DE COMPOSTELA (4,5%)		VIGO (6,8%)	
MUXÍA (3,9%)		VIVEIRO (5,4%)	
RIBADEO (3%)		LUGO (4,6%)	
CANGAS (2,8%)		O GROVE (4,6%)	
FISTERRA (2,5%)		POIO (4,3%)	
O GROVE (2,5%)		CANGAS (3%)	
POIO (2,4%)		RIBADEO (3%)	
SOBER (2%)		A POBRA DE TRIVES (2,3%)	
OUTES (1,8%)		FOZ (1,9%)	

(a) Vivendas de uso turístico

ALOXAMENTOS		PRAZAS	
SANXENXO (9,1%)		SANXENXO (21,3%)	
SANTIAGO DE COMPOSTELA (4,5%)		VIVEIRO (4,9%)	
MUXÍA (4,4%)		POIO (4,6%)	
CANGAS (2,9%)		LUGO (4,3%)	
RIBADEO (2,9%)		O GROVE (3,7%)	
POIO (2,7%)		CANGAS (3,2%)	
O GROVE (2,6%)		VIGO (3,1%)	
FISTERRA (2,1%)		MUXÍA (2,8%)	
SOBER (2,1%)		RIBADEO (2,5%)	
OUTES (2%)		A POBRA DE TRIVES (2,1%)	

(b) Competidores próximos

ALOXAMENTOS		PRAZAS	
SANTIAGO DE COMPOSTELA (6,8%)		SANXENXO (10%)	
SANXENXO (5,5%)		SANTIAGO DE COMPOSTELA (7,8%)	
VIGO (2,5%)		VIGO (4,4%)	
O PINO (2,3%)		O GROVE (4,4%)	
SARRIA (2,2%)		A CORUÑA (3,2%)	
O GROVE (2,2%)		BAIONA (2%)	
ARZÚA (2,1%)		LUGO (1,8%)	
A CORUÑA (2%)		SARRIA (1,6%)	
PALAS DE REI (1,8%)		NIGRÁN (1,5%)	
LUGO (1,7%)		ARZÚA (1,5%)	

(c) Outros competidores

Figura 15: Concentración de aloxamentos e prazas segundo concello e tipoloxía

Número de VUT	Nº empresas	Nº de persoas	Total de vivendas
1	824	16.910	17.734
2	206	1.941	4.294
3	81	506	1.761
4	55	190	980
5	30	87	585
6	25	55	480
7	15	21	252
8	18	15	264
9	8	12	180
>10	49	21	1.273

Figura 16: Cantidade de vivendas de uso turístico segundo dipo de propietario




Figura 17: Número de vivendas de uso turístico segundo a procedencia das empresas propietarias







Figura 18: Concentración xeográfica das vivendas de uso turístico en Galicia




(a) Rías baixas



(b) Costa da Morte



(c) Rías Altas



(d) Mariña Lucense

Figura 19: Concentración xeográfica das vivendas de uso turístico nas zonas costeiras